

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

9836 *Real decreto lei 8/2009, do 12 de xuño, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito polo importe total de 19.821,28 millóns de euros, e se modifican determinados preceptos da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.*

O obxecto deste real decreto lei é a adopción de medidas extraordinarias e urxentes en materia orzamentaria e fiscal.

I

En primeiro lugar, este real decreto lei establece a concesión de varios créditos extraordinarios e suplementos de crédito por importe total de 19.821,28 millóns de euros.

Da devandita contía, 16.898,05 millóns de euros dótanse no Ministerio de Traballo e Inmigración destinados fundamentalmente ao Servizo Público de Emprego Estatal para atender os maiores gastos en prestacións e compensar a perda de ingresos nas súas cotizacións. Ademais habilítase un crédito de 1.800 millóns de euros para efectuar un anticipo á conta ás comunidades autónomas de réxime común, da compensación pola supresión do gravame do imposto sobre o patrimonio. Así mesmo, concédense créditos no orzamento do Ministerio do Interior para atender obrigas ineludibles do departamento por importe de 297,74 millóns de euros.

No orzamento do Ministerio de Educación concédense créditos por importe de 155,32 millóns de euros para a concesión de axudas para a formación de posgrao durante o período de desemprego para licenciados españois, así como para a realización do Proxecto Escola 2.0, e no orzamento do Ministerio de Fomento, por importe de 270,17 millóns de euros, dos cales 130 millóns de euros se destinan á intensificación de actuacións en materia de estradas, 70,17 millóns de euros para a posta en marcha do Plan VIVE Autobuses 2009-2010, e 70 millóns de euros ao ADIF para o Plan de Modernización de Estacións. Finalmente, no Ministerio de Sanidade e Política Social habilítanse créditos por 400 millóns de euros para financiar o nivel mínimo de protección garantido pola Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

1. Suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Traballo e Inmigración por importe de 16.898,05 millóns de euros.

En termos da enquisa de poboación activa, os datos correspondentes ao primeiro trimestre de 2009 reflectiron unha taxa de desemprego do 17,36 por 100 e, de se compararen os tres primeiros meses de 2008 e 2009, obsérvase que o número de beneficiarios de prestacións por desemprego é un 50,7 por 100 superior no mes de xaneiro, un 51,5 por 100 no de febreiro e un 58 por 100 no mes de marzo, no ano actual respecto a 2008.

A evolución de dúas das variables clave relacionadas co desemprego; o número de beneficiarios e o gasto nas prestacións, unida ás medidas de reposición do dereito á prestación por desemprego e á supresión do período de espera para ser beneficiario do subsidio por desemprego, reguladas no Real decreto lei 2/2009, do 6 de marzo, de medidas urxentes para o mantemento e fomento do emprego e protección das persoas desempregadas, fai necesario incrementar, cunha maior achega do Estado, o orzamento do SPEE en 16.773,3 millóns de euros, dos cales 12.965,30 millóns de euros se destinan á cobertura de maiores gastos por prestacións e 3.808 millóns de euros a compensar a diminución de ingresos pola perda de cotizacións.

Por outra parte, o anteriormente mencionado Real decreto lei 2/2009, do 6 de marzo, establece novas bonificacións, nos supostos de regulacións temporais de emprego ou na

contratación a tempo parcial, que incrementan as necesidades de gasto en 108,04 millóns de euros.

Así mesmo, entre as medidas establecidas no Real decreto lei 2/2008, de medidas de impulso da actividade económica, incluíuse o Plan extraordinario de orientación, formación profesional e inserción laboral para facer fronte ao incremento de paro rexistrado.

O Real decreto lei 2/2009, do 6 de marzo, de medidas urxentes para o mantemento e fomento do emprego e a protección das persoas desempregadas, establece na súa disposición derradeira primeira a autorización para que o Goberno aprobe, mediante acordo do Consello de Ministros, a prórroga durante dous anos máis do Plan extraordinario de orientación, formación profesional e inserción laboral, no que respecta exclusivamente á medida consistente na contratación de 1.500 orientadores para o reforzamento das oficinas de emprego.

O custo da medida, para cuxa cobertura non existe crédito no orzamento do SPEE, que se financiará con achega desde o orzamento do Estado, ascende a 16,71 millóns de euros.

Polo tanto, o suplemento de crédito que se concederá no orzamento do Ministerio de Traballo e Inmigración ascende a 16.898,05 millóns de euros.

2. Crédito extraordinario por importe de 1.800 millóns de euros no orzamento da sección 32 «Entes territoriais».

Como consecuencia da entrada en vigor con efectos do 1 de xaneiro de 2008 do artigo terceiro da Lei 4/2008, do 23 de decembro, pola que se suprime o gravame do imposto sobre o patrimonio, se xeneraliza o sistema de devolución mensual no imposto sobre o valor engadido, e se introducen outras modificacións na normativa tributaria, no ano 2009 non se vai xerar recadación ningunha polo imposto sobre o patrimonio correspondente ao exercicio de 2008, primeiro ano en que se suprimiu o seu gravame e, polo tanto, non se declara o imposto.

O devandito imposto está cedido na súa totalidade ás comunidades autónomas de réxime común de acordo co disposto no artigo 17.1.b) da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.

Polo tanto, estas comunidades autónomas no ano 2009 van ver reducidos os ingresos correspondentes ao imposto sobre o patrimonio de 2008.

A disposición adicional segunda da Lei 4/2008 establece que «O Goberno, de conformidade co principio de lealdade institucional, procederá a avaliar bilateralmente no marco da reforma do sistema de financiamento o importe correspondente ás perdas de ingresos que supoñan a supresión do imposto sobre o patrimonio e facer efectiva a compensación correspondente».

Para evitar o prexuízo financeiro derivado da inexistencia no momento actual dun acordo sobre o novo sistema que permita instrumentar e facer efectiva a compensación prevista na disposición adicional segunda da Lei 4/2008, nun contexto especialmente complicado para as finanzas públicas das distintas administracións, establécese mediante este real decreto lei unha dotación orzamentaria destinada ao pagamento ás comunidades autónomas de réxime común dunha cantidade á conta da compensación prevista na devandita disposición adicional.

O devandito pagamento terá o carácter de anticipo á conta dos recursos definitivos para o financiamento das competencias autonómicas que as comunidades autónomas e o Estado conveñan para o ano 2009.

3. Créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Ministerio do Interior por importe de 297,74 millóns de euros.

As principais causas que motivan a aprobación dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito son as seguintes:

Atender a cobertura de obrigas xeradas en exercicios anteriores, por importe de 98,75 millóns de euros, correspondentes fundamentalmente a traballos da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre e outros.

Dotar crédito para atender necesidades que se presentan no ano 2009, por importe de 198,99 millóns de euros, destinados fundamentalmente á cobertura de maiores gastos de persoal, maiores gastos de funcionamento, especialmente de institucións penitenciarias polo incremento de internos e posta en funcionamento de novos centros penitenciarios, e o incremento de gastos por protección de persoas e sedes e de gastos de repatriación de estranxeiros.

4. Créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Ministerio de Educación, por importe de 155,32 millóns de euros, para as seguintes actuacións:

Concesión de axudas económicas para a formación de posgrao durante o período de desemprego para licenciados españois:

O Congreso dos Deputados aprobou a resolución pola que se insta o Goberno a fomentar o acceso ao emprego dos titulados universitarios mediante medidas como a matrícula gratuíta do máster para mozos en situación de desemprego entre 25 e 40 anos, o impulso á formación permanente e especialización profesional.

Por outro lado, o presidente do Goberno invitou as forzas sociais e económicas a un pacto polo cambio de modelo produtivo cara a unha nova economía sustentable máis baseada nas novas tecnoloxías e no novo coñecemento emerxente, sen abandonar os sectores industriais tradicionais. Neste marco, a educación, en xeral, e a formación continua, en particular, xuntamente coa relación educación-investigación-innovación, son hoxe un reto para pór as bases do medio prazo.

Os licenciados que, incorporados ao mercado do traballo, se visen afectados directamente pola crise económica e accedesen á lista de desempregados constitúen un grupo ao cal as universidades e o Goberno, en particular, deben prestar a máxima atención.

Para iso, disporase de 70 millóns de euros en dous anos para que as universidades públicas lles faciliten matrícula gratuíta para estes estudos aos titulados no paro de entre 25 e 40 anos.

O obxectivo desta política é dobre. Dunha parte, mellorar as cualificacións académicas pola vía de completar e/ou actualizar os niveis formativos da poboación universitaria española. Ademais, favorece a incorporación ao mercado laboral dos titulados universitarios que temporalmente perderon a condición de empregado. Por outro lado, iso permítelles ás universidades actuar activamente na loita contra o desemprego.

Complementariamente, esta política favorece o desenvolvemento destas novas ensinanzas universitarias que, pola vía da gratuidade dos prezos de matrícula, pode garantir unha importante demanda ás institucións universitarias.

Proxecto Escola 2.0.

O Proxecto Escola 2.0 de integración das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) nos centros educativos pretende acelerar a incorporación do uso de tecnoloxías dixitais á práctica docente. Para iso incorpora un conxunto integrado de medidas que se refiren, por unha parte, ao uso personalizado dun ordenador portátil por parte de cada alumno, e, por outra parte, á posta en marcha das aulas dixitais do século XXI. En particular, o Proxecto Escola 2.0 baséase nos seguintes eixes de intervención:

Aulas dixitais. Dotan de recursos TIC os alumnos e os centros.

Garantir a conectividade á internet e a interconectividade dentro da aula para todos os equipamentos.

Asegurar a formación do profesorado e dos responsables de TIC nos centros educativos.

Xerar e facilitar o acceso a materiais dixitais educativos.

Implicar os alumnos e as familias na adquisición, custodia e uso destes recursos.

Trátase dun proxecto que forzosamente se deberá desenvolver en estreita colaboración entre o Ministerio de Educación, as comunidades autónomas, empresas tecnolóxicas informáticas e de comunicación, entidades financeiras, editoriais e empresas de software educativo e as propias familias.

Prevese a implantación do Proxecto Escola 2.0 no curso 2009-2010, comezando polos alumnos de 5.º curso de educación primaria.

5. Créditos extraordinarios e suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Fomento, por importe de 270,17 millóns de euros.

Para atender o financiamento do Plan VIVE de Autobuses 2009-2010 concédense créditos extraordinarios por importe de 70,17 millóns de euros.

Neste sentido, a promoción do transporte público é unha das ferramentas fundamentais para a creación dun sistema de transporte sustentable en España. Así se puxo de manifesto nos sucesivos plans aprobados polo Goberno durante as dúas últimas lexislaturas: o Plan Estratégico de Infraestruturas e Transportes (PEIT), a Estratexia de Aforro e Eficiencia Enerxética (E-4), a Estratexia Española de Calidade do Aire, o II Programa nacional de redución de emisións e, máis recentemente, a Estratexia Española de Mobilidade Sustentable.

Por iso, o presidente do Goberno anunciou durante o último debate sobre o Estado da Nación, a posta en marcha de dúas medidas destinadas ao transporte público, unha das cales era a relativa ao novo Plan VIVE para a Renovación de Autobuses, mediante o que se ía financiar a substitución de autobuses de máis de dez anos por autobuses novos que cumprisen determinadas características de eficiencia.

Neste sentido, débese sinalar que o autobús é o medio de transporte público que máis viaxeiros transporta no tráfico interior, cunha cota de preto do 68%.

O parque español de autobuses e autocares é máis antigo que o dos países do noso ámbito, coas consecuencias que diso derivan para a protección do ambiente e a seguranza viaria. Ao redor do 43% destes vehículos ten máis de dez anos de antigüidade.

Este real decreto lei establece un mecanismo de axuda ao financiamento destinado á compra de autobuses e autocares, co fin de incentivar a substitución deste tipo de vehículos que teñan unha antigüidade de máis de dez anos por outros novos menos contaminantes.

A introdución desta medida favorecerá a substitución de autobuses e autocares antigos por outros novos, impulsando o mercado deste tipo de vehículos e incrementando a seguranza no tráfico, reducindo a emisión de gases contaminantes e mellorando a eficiencia enerxética mediante a redución do consumo de produtos petrolíferos.

O programa articularase coa colaboración do Instituto de Crédito Oficial (ICO), que actuará como intermediario financeiro encargado de xestionar os fondos achegados polo Ministerio de Fomento.

Por outro lado, autorízase un suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Fomento por importe de 130 millóns de euros cuxo obxectivo é a intensificación de actuacións en materia de estradas.

Por último, concédese un crédito extraordinario por importe de 70 millóns de euros ao ADIF para o Plan de Modernización de Estacións, coa finalidade de modernizar a accesibilidade ás estacións de ferrocarrís.

6. Suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Sanidade e Política Social, por importe de 400 millóns de euros.

A Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia establece que o financiamento do nivel mínimo de protección garantido para cada un dos beneficiarios do sistema será por conta da Administración xeral do Estado.

As comunidades autónomas desenvolveron durante os exercicios 2007 e 2008 uns niveis de xestión moi dispares, a maior parte delas contan aínda con atrasos importantes na xestión. Non obstante, estase a observar que a maior parte destas comunidades iniciaron nestes últimos meses accións para resolver os expedientes acumulados. Estes expedientes comportan efectos retroactivos importantes, en moitos casos de máis dun ano, cuxa remuneración corresponde a exercicios anteriores. Todo iso ten como consecuencia que se acumulen neste exercicio, xunto cos expedientes de 2009, os expedientes que proceden dos exercicios 2007 e 2008, sendo necesario dispor de crédito

suficiente para atender estas obrigas, o que exige incrementar os créditos dotados no orzamento do Ministerio de Sanidade e Política Social en 400 millóns de euros.

A incidencia no déficit público desta medida compensarase parcialmente cos maiores ingresos procedentes da modificación do imposto especial sobre hidrocarburos recollida neste real decreto lei.

7. Financiamento dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

As necesidades a cuxa cobertura atenden os créditos extraordinarios e suplementos de crédito que se aproban neste real decreto lei constitúen, en gran parte, obrigas exixibles da Administración, ben que a contía destas non permite o seu financiamento con cargo ao fondo de continxencia de execución orzamentaria. Polo tanto, para estes casos, exceptúase a aplicación do disposto no artigo 16 do texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro, e nos artigos 50.1 e 55.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria; todos os créditos extraordinarios e suplementos de crédito se financiarán con débeda pública.

A exigencia de atender o pagamento de obrigas que ineludiblemente debe satisfacer a Administración e a necesidade de non demorar o seu aboamento para non causar prexuízos aos terceiros afectados, así como a adopción con carácter inmediato das medidas que contribúen á recuperación económica constitúen as razóns de extraordinaria e urxente necesidade que xustifican a concesión dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito mediante real decreto lei.

II

A imposición sobre os elaborados do tabaco constitúe unha fonte relevante de ingresos tributarios para as facendas territoriais españolas. Ademais, sendo a finalidade desta imposición esencialmente recadadora, serve tamén, non obstante, como un instrumento ao servizo da política sanitaria, e así recoñecida como un medio eficaz para elevar o prezo do tabaco e, polo tanto, lograr unha redución do seu consumo, en particular polos mozos. Por estas razóns faise necesario proceder a un incremento dos tipos impositivos do imposto sobre os elaborados do tabaco.

Todo iso concrétase, no caso dos cigarros, nunha suba do tipo impositivo específico, que queda fixado en 10,2 euros por 1.000 cigarros, e nun aumento do imposto mínimo, que queda fixado en 91,3 euros por 1.000 cigarros.

Por outra parte, débese ter en conta que o mercado de picadura de lear nos últimos anos tivo un gran crecemento; así, no primeiro cuadrimestre do 2009 vendeuse un 66,5% máis que no primeiro cuadrimestre de hai un ano. Ademais, ata o 30 de abril o prezo medio dun quilo de picadura de lear descendeu un 15,6%. Tendo en conta esta recente evolución do mercado en España, e máis aínda tendo en conta o incremento nos tipos impositivos aplicables aos cigarros neste real decreto lei, resulta necesaria a creación dun imposto específico e un imposto mínimo para este elaborado do tabaco.

Por último, e para evitar un incremento do diferencial de tributación entre os cigarros e a picadura de lear e o resto dos elaborados do tabaco, tamén se elevan os tipos impositivos -que son exclusivamente ad valorem- aplicables a estes últimos nunha proporción similar a aquela en que se incrementa a fiscalidade global porcentual para os cigarros.

Por outra parte, a imposición sobre hidrocarburos constitúe unha fonte relevante de ingresos tributarios para as facendas territoriais españolas. Sendo a finalidade desta imposición esencialmente recadadora, pódese constituír tamén nun instrumento ao servizo da política de protección do ambiente.

Débese ter en conta que na Estratexia Española de Cambio Climático e Enerxía Limpa, que desenvolve a dimensión ambiental da Estratexia Española de Desenvolvemento Sustentable, se recoñeceu que a tendencia ao crecemento das emisións máis acentuada foi nos sectores difusos, en particular no transporte e no residencial, para os cales o crecemento medio das emisións sobre as do ano base se prevé do 65%. O incremento dos tipos do imposto sobre hidrocarburos aplicables aos carburantes de automoción utilizados para o transporte por estrada é unha das medidas que poden permitir internalizar os custos

ambientais que provocan estes carburantes e, na medida do posible, contribuír a moderar as emisións deste sector non suxeito ao mercado de dereitos de emisión.

Nesta situación parece aconsellable proceder a un incremento dos tipos impositivos do imposto sobre hidrocarburos para os produtos cuxo consumo está máis estendido e, en consecuencia, provocan maiores emisións de gases de efecto invernadoiro, o que se concreta nun incremento dos tipos impositivos aplicables neste imposto ás gasolinas e aos gasóleos para automoción de 29 euros por 1.000 litros.

Por último, en canto á figura xurídica a través da cal se aproba esta medida, débese destacar en primeiro lugar que se adopta unha modificación que afecta a cantidade dos tipos impositivos, que está suxeita ao principio de reserva de lei. Por outra parte, a existencia, no marco dunha tramitación parlamentaria ordinaria, dun período de tempo prolongado entre o cofecemento da medida e a súa entrada en vigor, afectaría negativamente a súa efectividade e podería provocar, ademais, distorsións e condutas especulativas no mercado. Estas circunstancias xustifican o recurso á figura xurídica do real decreto lei, ao concorrer o suposto habilitante da extraordinaria e urxente necesidade que a nosa Constitución exige para a súa utilización.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de xuño de 2009,

DISPOÑO:

TÍTULO I

Créditos extraordinarios e suplementos de créditos

Artigo 1. *Concesión dun suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Traballo e Inmigración.*

Para atender as necesidades en materia de desemprego e fomento do emprego, concédese un suplemento de crédito ao orzamento da sección 19 «Ministerio de Traballo e Inmigración», servizo 03 «Secretaría Xeral de Emprego», programa 000 X «Transferencias internas», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 41 «A organismos autónomos», concepto 412 «Para financiar o orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal», por un importe de 16.898.050.000,00 euros.

Artigo 2. *Incidencia no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal.*

O suplemento de crédito a que se refire o artigo anterior financiará modificacións no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal, nos seguintes termos:

Orzamento de ingresos:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe (euros)
19.101.129.00	Cota de desemprego	-3.200.000.000,00
19.101.129.01	Cota de formación profesional	-108.000.000,00
19.101.490.00	Para a execución das accións e programas cofinanciados polo Fondo Social Europeo	-500.000.000,00
19.101.400.02	Para financiar o orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal	16.898.050.000,00
Total		13.090.050.000,00

Orzamentos de gastos:

Ampliacións de crédito:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe (euros)
19.101.251M.480.00	Contributivas, mesmo obrigas de exercicios anteriores	8.401.000.000,00
19.101.251M.480.01	Subsidio desemprego, mesmo obrigas de exercicios anteriores	1.120.000.000,00
19.101.251M.487.00	Cota de beneficiarios de prestacións contributivas por desemprego, mesmo obrigas de exercicios anteriores	3.327.000.000,00
19.101.251M.487.01	Cota de beneficiarios de subsidio, mesmo obrigas de exercicios anteriores	64.300.000,00
19.101.251M.488	Renda activa de inserción	53.000.000,00
19.101.241A.487.03	Financiamento das bonificacións nas cotizacións da Seguranza Social acollidas ás medidas de fomento de emprego por contratación laboral	108.041.000,00
Total ampliacións de crédito		13.073.341.000,00

Suplemento de crédito:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe (euros)
19.101.241A.450	Plan extraordinario de orientación, formación e inserción laboral para facer fronte ao incremento de paro rexistrado	16.709.000,00
Total suplemento de crédito		16.709.000,00
Total modificacións		13.090.050.000,00

Artigo 3. Concesión dun crédito extraordinario no orzamento da sección 32 «Entes territoriais».

1. Para facer efectivo un anticipo á conta da compensación ás comunidades autónomas de réxime común prevista na disposición adicional segunda da Lei 4/2008, do 23 de decembro, pola que se suprime o gravame do imposto sobre o patrimonio, xeneralízase o sistema de devolución mensual no imposto sobre o valor engadido, e introdúcense outras modificacións na normativa tributaria, pola perda de ingresos no ano 2009 derivada da supresión do gravame do imposto sobre o patrimonio, recollida no artigo terceiro da Lei 4/2008, do 23 de decembro, concédese un crédito extraordinario ao orzamento da sección 32 «Entes territoriais», servizo 18 «Varias comunidades autónomas», programa 941O «Outras transferencias a comunidades autónomas», concepto 451 «Dotación á conta da compensación pola supresión do gravame do imposto sobre o patrimonio», por un importe de 1.800.000.000 euros.

2. O importe do crédito distribuirase entre as comunidades autónomas de réxime común, atendendo á proporción dos ingresos que recibiron da Axencia Estatal de Administración Tributaria en 2008 polo imposto sobre o patrimonio, co resultado que se recolle no anexo I.

3. O pagamento do anticipo correspondente a cada unha das comunidades autónomas farase efectivo antes do 31 de xullo de 2009.

4. O importe recibido por cada comunidade autónoma terá a consideración de anticipo á conta dos recursos definitivos para o financiamento das competencias autonómicas que estas comunidades e o Estado acorden para o ano 2009, de conformidade co disposto na disposición adicional segunda da Lei 4/2008, do 23 de decembro, pola que se suprime o gravame do imposto sobre o patrimonio, se xeneraliza o sistema de devolución mensual no imposto sobre o valor engadido, e se introducen outras modificacións na normativa tributaria.

Artigo 4. *Concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Ministerio do Interior.*

1. Para atender o pagamento de obrigas de exercicios anteriores, concédense créditos extraordinarios no orzamento da sección 16 «Ministerio do Interior» por importe total de 98.753.132,28 euros, nas aplicacións e contías que se recollen no anexo II.

2. Para atender necesidades do exercicio 2009, concédense suplementos de crédito no orzamento da sección 16 «Ministerio do Interior» por importe total de 198.985.703,83 euros, nas aplicacións e contías que se recollen no anexo III.

Artigo 5. *Concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Ministerio de Educación.*

1. Para a concesión de axudas económicas para a formación de posgrao durante o período de desemprego para licenciados españois concédense os seguintes créditos extraordinarios ao orzamento da sección 21 «Ministerio de Ciencia e Innovación»:

Ao servizo 04 «Dirección Xeral de Universidades», programa 323M «Bolsas e axudas a estudantes», subconcepto 486.02 «Compensación ás universidades dos prezos públicos por servizos académicos correspondentes a titulados universitarios en situación de desemprego» por importe de 34.256.250 euros.

Ao servizo 04 «Dirección Xeral de Universidades», programa 322C, concepto 453 «A universidades para o programa de formación de titulados en situación de desemprego», por importe de 21.062.500 euros.

2. Para a implantación do Proxecto Escola 2.0 de integración das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) nos centros educativos concédense os seguintes créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento da sección 18 «Ministerio de Educación, Política Social e Deporte», servizo 05 «Dirección Xeral de Formación Profesional»:

Suplementos de crédito:

Programa 321N «Formación permanente do profesorado de educación»:

Subconcepto 226.06 «Reunións, conferencias e cursos» por importe de 450.000 euros.

Subconcepto 227.06 «Estudos e traballos técnicos» por importe de 200.000 euros.

Concepto 229: «Gastos de funcionamento dos centros docentes non universitarios por importe de 21.000 euros.

Programa 322J «Novas tecnoloxías aplicadas á educación»:

Subconcepto 226.06 «Reunións, conferencias e cursos» por importe de 250.000 euros.

Subconcepto 227.06 «Estudos e traballos técnicos» por importe de 100.000 euros.

Concepto 229: «Gastos de funcionamento dos centros docentes non universitarios» por importe de 26.491 euros.

Concepto 620: «Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos» por importe de 770.090 euros.

Créditos extraordinarios:

Programa 322J «Novas tecnoloxías aplicadas á educación»:

Concepto 455: «Transferencias correntes a comunidades autónomas para a integración das tecnoloxías da información e da comunicación nos centros educativos» por importe de 4.873.288 euros.

Concepto 750: «Transferencias a comunidades autónomas para investimentos en tecnoloxías da información e da comunicación nos centros educativos» por importe de 93.309.131 euros.

Artigo 6. Concesión de créditos extraordinarios e suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Fomento.

Para atender a cobertura dos gastos derivados da intensificación de actuacións en estradas, concédese un suplemento de crédito na sección 17 «Ministerio de Fomento», servizo 38 «Dirección Xeral de Estradas», programa 453B «Creación de infraestruturas de estradas», concepto 601: «Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral. Outras», por importe de 130.000.000 euros.

Para atender o Plan de Modernización de Estacións que executará o ADIF, concédese un crédito extraordinario na sección 17 «Ministerio de Fomento», servizo 40 «Dirección Xeral de Ferrocarrís», programa 453A «Infraestruturas do transporte ferroviario», concepto 746 «Ao ADIF. Plan de Modernización de Estacións», por importe de 70.000.000 euros.

Para atender o financiamento do Plan VIVE de Autobuses 2009-2010 concédense os seguintes créditos extraordinarios no orzamento da sección 17 «Ministerio de Fomento»:

Ao servizo 39 «Dirección Xeral de Transportes por Estrada», programa 453M «Ordenación e inspección do transporte terrestre», concepto 359 «Outros gastos financeiros», por importe de 175.000 euros.

Ao servizo 39 «Dirección Xeral de Transportes por Estrada», programa 453M «Ordenación e inspección do transporte terrestre», concepto 833 «Plan VIVE Autobuses 2009-2010» por importe de 70.000.000 euros.

Artigo 7. Concesión dun suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Sanidade e Política Social.

Para atender o nivel mínimo de protección garantido establecido na Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, concédese un suplemento de crédito na sección 18 «Ministerio de Educación, Política Social e Deporte», servizo 07 «Secretaría de Estado de Política Social, Familias e Atención á Dependencia e á Discapacidade», programa 000X «Transferencias internas», concepto 427 «Ao IMSERSO para mínimo garantido en dependencia», por importe de 400.000.000 de euros.

Artigo 8. Financiamento dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

1. Exceptúase do disposto no artigo 16 do texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2007, do 28 de decembro, e nos artigos 50.1 e 55.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, o financiamento dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito que segundo o establecido na Lei xeral orzamentaria se deban financiar con fondo de continxencia.

2. De conformidade co anterior, todos os créditos extraordinarios e suplementos de crédito que se conceden por este real decreto lei serán financiados con débeda pública.

TÍTULO II

Modificación da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais

Artigo 9. Imposto sobre os elaborados do tabaco.

Modifícase o artigo 60 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, que queda redactado do seguinte xeito:

«O imposto exixirase conforme a seguinte tarifa:

Epígrafe 1. Xarutos e xarutiños: 14,5 por 100.

Epígrafe 2. Cigarros: agás nos casos en que resulte aplicable a epígrafe 5, os cigarros estarán gravados simultaneamente cos seguintes tipos impositivos:

- a) Tipo proporcional: 57 por 100.
- b) Tipo específico: 10,2 euros por cada 1.000 cigarros.

Epígrafe 3. Picadura para lear: agás nos casos en que resulte aplicable a epígrafe 6, a picadura para lear estará gravada simultaneamente cos seguintes tipos impositivos:

- a) Tipo proporcional: 41,5 por 100.
- b) Tipo específico: 6 euros por quilogramo.

Epígrafe 4. Os demais elaborados do tabaco: 26 por 100.

Epígrafe 5. Os cigarros estarán gravados ao tipo único de 91,3 euros por cada 1.000 cigarros cando a suma das cotas que resultarían da aplicación dos tipos da epígrafe 2 sexa inferior á contía do tipo único establecido nesta epígrafe.

Epígrafe 6. A picadura para lear estará gravada co tipo único de 50 euros por quilogramo cando a suma das cotas que resultarían da aplicación dos tipos da epígrafe 3 sexa inferior á contía do tipo único establecido nesta epígrafe.»

Artigo 10. *Imposto sobre hidrocarburos.*

Modifícanse as epígrafes 1.1 a 1.3 da tarifa 1.^a do artigo 50 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, que quedan redactadas como segue:

«Epígrafe 1.1 Gasolinas con chumbo: 433,79 euros por 1.000 litros.

Epígrafe 1.2.1 Gasolinas sen chumbo de 97 I.O. ou de octanaxe superior: 431,92 euros por 1.000 litros.

Epígrafe 1.2.2 As demais gasolinas sen chumbo: 400,69 euros por 1.000 litros.

Epígrafe 1.3 Gasóleos para uso xeral: 307 euros por 1.000 litros.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de xuño de 2009.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

ANEXO I

Distribución da compensación por comunidades autónomas

Comunidade Autónoma	Total euros
Cataluña	460.911.149,16
Galicia	69.958.880,85
Andalucía	139.398.933,51
Principado de Asturias	36.917.198,92
Cantabria	36.661.854,28
La Rioja	21.490.660,36
Rexión de Murcia	35.492.783,90
Comunidade Valenciana	185.319.047,08
Aragón	63.667.144,81
Castilla-La Mancha	36.462.110,60
Canarias	39.923.221,99
Extremadura	9.534.629,70
Illes Balears	50.274.622,67
Madrid	542.759.190,69
Castilla y León	71.228.571,50
Total	1.800.000.000,00

ANEXO II

Concesión de créditos extraordinarios

Aplicación	Denominación	Importe (en euros)
<i>Servizo 02 Secretaría de Estado de Seguranza</i>		
Programa 132A «Seguranza cidadá»		
Capítulo 2.	Gastos correntes en bens e servizos.	3.521.107,11
Artigo 29.	Obrigas de exercicios anteriores.	
Concepto 292.	Material, subministración e outros.	
	23 Transportes.	3.521.107,11
Capítulo 3.	Gastos financeiros.	1.757,88
Artigo 39.	Obrigas de exercicios anteriores.	
Concepto 391.	Xuros de demora.	1.757,88
Total servizo 02: Secretaría de Estado de Seguranza		3.522.864,99
<i>Servizo 03: Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil: Policía</i>		
Programa 132A «Seguranza cidadá»		
Capítulo 2.	Gastos correntes en bens e servizos.	83.503.462,26
Artigo 29.	Obrigas de exercicios anteriores.	
Concepto 290.	Arrendamentos e canons.	
	00 Arrendamentos de edificios e outras construcións.	55.043,49
Concepto 292.	Material, subministracións e outros.	
	03 Enerxía eléctrica.	4.109.714,15
	04 Auga.	456.595,93
	05 Gas.	39.968,25
	06 Combustible.	462.948,28
	09 Elaborados da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre.	78.357.905,23
	23 Transportes.	21.286,93
Total servizo 03: Dirección Xeral da Policía e Garda Civil: Policía		83.503.462,26

Aplicación	Denominación	Importe (en euros)
<i>Servizo 04: Dirección Xeral da Policía e Garda Civil: Garda Civil</i>		
Programa 132A «Seguranza cidadá»		
Capítulo 2.	Gastos correntes en bens e servizos.	8.206.762,28
Artigo 29.	Obrigas de exercicios anteriores.	
Concepto 292.	Material, subministracións e outros.	
	03 Enerxía eléctrica.	1.215.643,14
	21 Comunicacións telefónicas.	6.991.119,14
Total servizo 04: Dirección Xeral da Policía e Garda Civil: Garda Civil		8.206.762,28
<i>Servizo 05: Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias</i>		
Programa 133A «Centros e institucións penitenciarias»		
Capítulo 2.	Gastos correntes en bens e servizos.	3.520.042,75
Artigo 29.	Obrigas de exercicios anteriores.	
Concepto 292.	Material, subministracións e outros.	
	03 Enerxía eléctrica.	3.520.042,75
Total servizo 05: Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias		3.520.042,75
Total créditos extraordinarios		98.753.132,28

ANEXO III

Concesión de suplementos de crédito

Aplicación	Denominación	Importe (en euros)
<i>Servizo 02 Secretaría de Estado de Seguranza</i>		
Programa 132A «Seguranza cidadá»		
Capítulo 2.	Gastos correntes en bens e servizos.	55.573.458,37
Artigo 22.	Material, subministracións e outros.	
Concepto 223.	Transportes.	6.962.670,99
Concepto 227.	Traballos realizados por outras empresas e profesionais.	
	01 Seguranza.	48.610.787,38
Total servizo 02: Secretaría de Estado de Seguranza		55.573.458,37
<i>Servizo 03: Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil: Policía</i>		
Programa 131N «Formación de Forzas e Corpos de Seguranza do Estado»		
Capítulo 1.	Gastos de persoal.	1.600.000,00
Artigo 12.	Funcionarios.	
Concepto 124.	Retribucións de funcionarios en prácticas.	
	02 Soldos do grupo C1 e grupo C.	1.600.000,00
Programa 131O «Forzas e Corpos en reserva»		
Capítulo 1.	Gastos de persoal.	4.000.000,00
Artigo 12.	Funcionarios.	
Concepto 121.	Retribucións complementarias.	
	08 Complemento de dispoñibilidade.	4.000.000,00
Programa 132A «Seguranza cidadá»		
Capítulo 1.	Gastos de persoal.	72.533.000,00
Artigo 12.	Funcionarios.	
Concepto 120.	Retribucións básicas.	
	02 Soldos do grupo C1 e grupo C.	20.000.000,00

Aplicación	Denominación	Importe (en euros)
Concepto 121.	06 Pagas extraordinarias. Retribucións complementarias.	6.000.000,00
	04 Complemento destino de Forzas e Corpos de Seguranza.	13.000.000,00
	05 Complemento específico xeral de Forzas e Corpos de Seguranza.	6.000.000,00
	06 Complemento específico singular de Forzas e Corpos de Seguranza.	27.533.000,00
Total servizo 03: Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil: Policía		78.133.000,00
<i>Servizo 04: Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil: Garda Civil</i>		
Programa 132A «Seguranza cidadá»		
Capítulo 1.	Gastos de persoal.	27.480.000,00
Artigo 12.	Funcionarios.	
Concepto 120.	Retribucións básicas.	
	02 Soldos do grupo C1 e grupo C.	23.480.000,00
Concepto 121.	Retribucións complementarias.	
	04 Complemento destino de Forzas e Corpos de Seguranza.	4.000.000,00
Total servizo 04: Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil: Garda Civil		27.480.000,00
<i>Servizo 05: Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias</i>		
Programa 133A «Centros e institucións penitenciarias»		
Capítulo 1.	Gastos de persoal.	4.231.074,18
Artigo 12.	Funcionarios.	
Concepto 121.	Retribucións complementarias.	
	01 Complemento específico.	4.231.074,18
Capítulo 2.	Gastos correntes en bens e servizos.	33.568.171,28
Artigo 22.	Material, subministracións e outros.	
Concepto 221.	Subministracións.	
	00 Enerxía eléctrica.	447.387,28
	05 Alimentación.	5.613.274,00
	06 Produtos farmacéuticos e material sanitario.	20.495.701,00
Concepto 223.	Transportes.	2.354.578,00
Concepto 227.	Traballos realizados por outras empresas e profesionais.	
	00 Limpeza e aseo.	1.024.321,00
Artigo 25.	Concertos de asistencia sanitaria.	
Concepto 259.	Outros concertos de asistencia sanitaria.	3.632.910,00
Total servizo 05: Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias		37.799.245,46
Total suplementos de créditos		198.985.703,83